# Mais alá!

Sin pretensións ~~doutoraes~~ de suficenza doutoral, nin de ningún outro xeito somellante, a rebeldía d'uns mozos galegos fai esta chamada á Mocedade intelectual d'a nosa Terra.

## I

### O xesto.

Non nos erguemos d'o xeito que o fan a maoría d'os que n-outras terras pubrigan manifestos mais ou menos literarios.

Case todos eles tencionan arrecadar adeptos pra algún novo *ismo* que aparece querendo ser a derradeira verba d'a moderna Estética cando, en verdade, non son mais que unha nova proba de que ~~o disparate~~ un snobismo aparatoso invade a Literatura.

Nós tencionamos tan só facer unha protesta ~~dura~~ densa, forte e implacábel contra os vellos.

### Os vellos.

Os vellos non son os que escreviron fai moitos anos: aqueles son os devanceiros. Os vellos son os que escreven hoxe coma si vivisen n-o antante d'os séculos.

~~E a mesma lei que nos fai respetar ós devanceiros, por que sin *antes* non pode haber~~